



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 23 DE AGOSTO DE 2012.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E VINTECINCO MINUTOS** do día **VINTETRÉS DE AGOSTO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Alcaldesa **DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos concelleiros **D. KLAUS BREY MONTAÑA**, **D. ANTONIO COUSO ÁLVAREZ**, e **D. MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e do Secretario en funcións da Corporación **DON JULIO MÉNDEZ CASTRO**.

A Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **INFORMES DA POLICÍA LOCAL SOBRE EXPEDIENTES DE REPOSICIÓN Á LEGALIDADE.**
 - 2º.- **URBANISMO.**
 - 3º.- **SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL DA EMPRESA FERTAF, OBRAS Y SERVICIOS, S. L.**
 - 4º.- **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE COGAMI E O CONCELLO DE SILLEDA PARA DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO: "SERVIZO DE COCIÑA DO CENTRO DE RECURSOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE COGAMI-DEZA".**
-
- 1º.- **INFORMES DA POLICÍA LOCAL SOBRE EXPEDIENTES DE REPOSICIÓN Á LEGALIDADE.**

Por parte da Alcaldesa dase conta de sendos informes emitidos pola Policía Local de comprobación de reposición á legalidade de dúas obras realizadas no lugar de Ervixe nº 1, parroquia de Grava. Trala comprobación realizada polos Axentes correspondentes, verificase que as obras de reposición foron realizadas e atópanse rematadas, polo que se dan por finalizados os expedientes.

2º.- **URBANISMO.-**

2.1.- Examinado o expediente promovido por DNA. BEATRIZ VIDAL SÁNCHEZ, en representación da sociedade SERVICIOS INFANCIA Y TERCERA EDAD, S. L., data de rexistro 01.02.2012, nº de rexistro 467, solicitando licenza municipal de obra e actividade para acondicionamento de local para destinalo a servizos asistenciais non residenciais e podoloxía, co emprazamento: Avda. Do Parque, nº 50 - baixo - Silleda (ref. Catastral 1873018NH6217S0034QX), segundo proxecto básico e de execución redactado polo Arquitecto Técnico José Pereiras Sánchez e visado polo Colexio Oficial.

Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 13 de agosto de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

A concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade á empresa SERVICIOS INFANCIA Y TERCERA EDAD, S. L. para acondicionamento dun local para destinalo a servizos sociais non residenciais e de podoloxía, sito na Avenida do Parque, nº 50 en Silleda.

2.2.- Examinado o expediente promovido por DNA. ANA MARÍA CAMINO CAYETANA, data de rexistro 16.05.2012, nº de rexistro 2.634 solicitando licenza municipal de obra y actividad para acondicionamento de local existente para destinalo a tenda de roupa e complementos, co emprazamento: Rúa Ramón de Valenzuela, nº 48 baixo – Bandeira – Silleda, segundo proxecto de actividade redactado polo Arquitecto Técnico José Pereiras Sánchez e visado polo Colexio Oficial.

Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 9 de agosto de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

A concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade a DNA. ANA MARÍA CAMINO CAYETANA para acondicionamento dun local para destinalo a tenda de roupa e complementos, sita na Rúa Ramón de Valenzuela, nº 48 baixo - Bandeira.

2.3.- Examinado o expediente promovido por D. JOSÉ CANCELA GARCÍA, data de rexistro 19.11.2011, nº de rexistro 4.521, solicitando licenza municipal de obra para liña de M. T. A. e C. T. A. para granxa de porcino, co emprazamento: Lamas – Cervaña - Silleda, segundo proxecto básico e de execución redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Ángel Blanco Rodiño, e visado polo Colexio Oficial.

Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 8 de agosto de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

A concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade a D. JOSÉ CANCELA GARCÍA para liña de M. T. A. e C. T. A. para granxa de porcino, co emprazamento: Lamas – Cervaña – Silleda, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados no informe técnico emitidos pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Delegación Territorial de Pontevedra e do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

- Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras.

2.4.- Examinado o expediente promovido por D. KLAUS BREY MONTANA, data de rexistro



07.02.2012, nº de rexistro 558 solicitando licenza municipal de obra para rehabilitación de alpendre anexo á vivenda, co emprazamento: Curro, nº 14 - Cira – Silleda (ref. Catastral 36052P504004480000DO), segundo proxecto básico redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Luis Manuel Gallego García, sen visar.

Á vista do informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 8 de agosto de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por maioría e coa abstención do concelleiro Klaus Brey Montaña por atoparse afectado polo expediente, acorda:

A concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade a D. KLAUS BREY MONTAÑA para rehabilitación de alpendre anexo á vivenda, co emprazamento: Curro, nº 14 - Cira – Silleda.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico obxecto deste informe.
2. Estudo ou estudo básico de seguridade e saúde
3. Oficio de dirección e oficio de dirección da execución das obras, asinados por técnico competente.

3º.- **SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL DA EMPRESA FERTAF, OBRAS Y SERVICIOS, S. L.**

Dase conta da solicitude presentada por M^a. Isabel Lamela Guerra, en representación da empresa FERTAF OBRAS Y SERVICIOS, S. L. para devolución de aval, necesario como fianza definitiva da obra: adecuación e mellora da rede de abastecemento de augas de Forcas.

Visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, de data 6 de agosto de 2012, e a demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

A devolución á empresa FERTAF OBRAS Y SERVICIOS, S. L. do aval constituído o 26 de abril de 2010, como fianza definitiva da obra: adecuación e mellora da rede de abastecemento de augas de Forcas, por un importe de Dous mil trescentos dezaséis con cincuenta e sete céntimos (2.316,57.- €), número de Aval 560-503-3324/7-031 emitido pola entidade Caixa Galicia.

4º.- **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE COGAMI E O CONCELLO DE SILLEDA PARA DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO: “SERVIZO DE COCIÑA DO CENTRO DE RECURSOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE COGAMI-DEZA”.**

A Alcaldesa da conta da recente sinatura do Convenio de colaboración entre COGAMI e o Concello de Silleda para o desenvolvemento do servizo de cociña do Centro de Recursos para persoas con

discapacidade de COGAMI-DEZA, que ten como obxectivo principal contar con un centro de recursos que oferte un servizo de atención integral ás persoas beneficiarias.

A Xunta de Goberno queda enterada e manifesta a súa conformidade coa súa sinatura.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as trece horas cincuenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario accidental, dou fe.

A Alcaldesa,



A circular stamp of the Concello de Silleda, Alcadía, featuring a coat of arms in the center. The text 'CONCELLO DE SILLEDA' is at the top and 'ALCALDIA' is at the bottom. A signature is written over the stamp.

O Secretario en funcións,



A circular stamp of the Concello de Silleda, Secretaría, featuring a coat of arms in the center. The text 'CONCELLO DE SILLEDA' is at the top and 'SECRETARIA' is at the bottom. A signature is written over the stamp.